


SECRETARIADOS DE CATEQUESE DE GALICIA

**MATERIAL
PRA
CATEQUISTA**

1

**A ALIANZA
DE DEUS
CONNOSCO**

**VIVIMOS
EN
GRUPO**



Tema 1.- Deus creounos para ser felices

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro páxina 4 o apartado ollos abertos. Facemos na ficha o exercicio de numerar as cousas segundo o importante que son para nós. E dialogamos sobre as respostas.
- 4.- Lemos no libro páxina 5 o apartado mirada penetrante. Escribimos nos cadros algunha cousa feita polas persoas e relacionada coa medicina, coa informática, ... e contestamos de palabra ás preguntas finais deste apartado.
- 5.- Lemos no libro páxina 5 e 6 o apartado oídos atentos, e completamos na ficha os textos que faltan.
- 6.- Completamos na ficha os textos que faltan na páxina 7, e facemos na ficha o exercicio de suliñar, e pomos en común as respostas.
- 7.- Lemos no libro na páxina 7 o apartado memoria esperta. Completamos os textos que faltan e explicamos as respostas, e facemos na ficha un resume de cada resposta.
- 8.- Completamos na ficha os textos que faltan na páxina 8, e facemos o exercicio que se propón no apartado mans activas.
- 9.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que:
(copiamos os cadros e os círculos que temos na páxina 7 do libro e que nos explican que as persoas somos creadas para ser felices)
- 10.- Rematamos pondo cor ao debuxo que temos na ficha no apartado oídos atentos. Podemos escribir no caderno algunha desas cousas que non nos gusta atopar na nosa parroquia (un plástico no río, un animal abandonado, un monte queimado, ...)

Tema 2.- O ser humano rexeita a amizade con Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro páxina 10 o apartado ollos abertos. Completamos na ficha na páxina 10 os textos que faltan (non hai que copialo, hai que resumilo). Facemos na ficha o exercicio que se nos propón pondo nos cadrados tres cousas que a xente fai mal, e tres cousas que un mesmo fai mal. Logo pomos en común. Rematamos copiando na ficha a última frase da páxina
- 4.- Lemos no libro o apartado mirada penetrante, e completamos o cadrado que temos na ficha.
- 5.- No caderno escribimos algunha situación na que fomos egoístas. Escribimos “Na casa son egoísta cando ...”, “na escola son egoísta cando...”, “cos amigos son egoísta cando ...”. Lemos logo esas frases.
- 6.- Lemos no libro na páxina 11, 12 e 13 o apartado oídos atentos. Completamos na ficha os textos que nos faltan. Completamos as palabras do exercicio que temos na ficha na páxina 13.
- 7.- Lemos no libro o apartado memoria esperta, completamos os textos que faltan na ficha e comentamos as respostas.
- 8.- Lemos no libro o apartado mans activas, completamos na ficha os textos que faltan, facemos o exercicio que se nos propón e corrixímolo.
- 9.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que:
(copiamos a oración que temos no libro na páxina 15).
- 10.- Rematamos mirando o debuxo que temos na páxina 14 do libro e falamos de cousas que podemos facer para coidar da natureza, e escribimos no caderno o que cada compañeiro está disposto a facer (por exemplo non protestar pola comida, ordenar a habitación, recoller un plástico tirado, compartir na escola, ...)

Tema 3.- Deus elixe un pobo

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 16 o apartado ollos abertos. Despois de ler como son Cristina e Estefanía contestamos falando ás preguntas que nos veñen no exercicio.
- 4.- Lemos no libro na páxina 17 o apartado mirada penetrante. Falamos de persoas que aman sen condicións. Escribimos no caderno:
¿Quen nos ama sen condicións? (procuramos que os nenos dean resposta a esa pregunta: familiares, amigos, veciños, catequista, médico, mestre, ...)
- 5.- Lemos no libro na páxina 17, 18 e 19 o apartado oídos atentos. Facemos na ficha o exercicio que se propón e corrixímolo.
- 6.- Lemos no libro o apartado memoria esperta e comentamos as respostas.
- 7.- Lemos no libro o apartado mans activas e completamos o exercicio.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que:
(copiamos os cadros que temos na páxina 20 do libro e que nos fala de que Deus nos escolle a nós, por iso somos os seus elixidos)
- 11.- Rematamos lendo en silencio a oración que temos na páxina 21.

Tema 4.- Deus fai unha alianza co pobo

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 22 o apartado ollos abertos a historia de David. Despois de ler contestamos brevemente ás cinco preguntas no caderno.
- 4.- Copiamos o que falta no último cadrado da páxina 22 e explicamos o que quere dicir a frase.
- 5.- Lemos a páxina 23 e falamos das diferenzas entre un pacto de amizade e un pacto de interese. Completamos o primeiro cadrado, e logo completamos os cadrados grandes que nos faltan (abonda con que escriban a frase máis importante de cada un dos lados, unha de pacto de amizade e outra de pacto de interese).
- 6.- Na páxina 24 completamos o cadrado que falta, e contestamos ás preguntas que se nos propoñen. Escribimos nos dous cadrados finais as frases que faltan da biblia.
- 7.- Imos ir lendo a páxina 25 e imos completando os textos que faltan copiándoos ou mellor facendo un resume.
- 8.- Completamos os textos que faltan na páxina 26 e facemos o exercicio.
- 9.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que:
(escribimos unha frase da páxina 22, outra da 23, outra da 24, outra da 25, e outra da 26 (ten que ter sentido e non vale simplemente copiala).

Tema 5.- Deus é fiel á alianza que fai co seu pobo

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 28 o apartado ollos abertos as historias de falsas amizades. Despois de ler contestamos falando sobre as preguntas que nos propón a páxina.
- 4.- Lemos e completamos a páxina 29 das fichas escribindo o texto que falta nos dous primeiros cadrados. Despois facemos o exercicio que nos propón contestando ás preguntas de Porque actúa Laura e Manuel así?.
- 5.- Escribindo no final da páxina 29 da ficha respostamos á última pregunta que se nos fai.
- 6.- Lemos na páxina 30 o apartado oídos atentos, e completamos os tres primeiros cadrados. Logo explicamos na ficha o que os textos nos din e o que o debuxo representa.
- 7.- Lemos e completamos os dous últimos cadrados da páxina 30 fixándonos en que Deus non rompeu o seu pacto aínda que o pobo si que o romperá. Deus permaneceu fiel á alianza de amizade que pactara co pobo.
- 8.- No primeiro círculo da páxina 31 escribimos a frase que resume a páxina anterior (a frase pode ser “Deus segue ofrecéndonos a súa amizade”). Copiamos os textos que faltan nos outros dous círculos vendo a diferenza que hai entre o actuar do pobo e o actuar de Deus.
- 9.- Lemos memoria esperta e completamos os cadrados intentando que se entenda.
- 10.- Facemos a páxina 32. Primeiro temos que numerar o máis importante que é para nós cando falamos de amizade. (Nos circuliños imos pondo números de 1 a 10 segundo o que a nós nos parece máis importante). Pomos en común dicindo cada neno as tres cousas que para el son máis importantes.
- 11.- Facemos o exercicio da sopa de letras, e falando contestamos ás últimas preguntas que nos veñen na páxina 32.
- 12.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que:
(escribimos unha frase da páxina 28, outra da 29, outra da 30, outra da 31, e outra da 32 (ten que ter sentido e non vale simplemente copiala).

Tema 6.- Israel espera que Deus lle envíe o Mesías Salvador

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 34 o apartado ollos abertos. Completamos as palabras que faltan nas frases. Falamos cos nenos sobre o importante que é ter ilusións.
- 4.- Lemos a páxina 35 do libro, e copian tal e como están as frases que nos faltan no cadrado “desexan” (despois de copialas, no mesmo orde que están no libro, únenas con frechas). Corriximos o exercicio.
- 5.- Completamos as tres frases que temos no final da páxina 35 e que faltan nas fichas. Concluimos dicindo que todos temos os mesmos desexos: non sufrir, e ser felices.
- 6.- Lemos o apartado oídos atentos na páxina 36. Descubrimos como a biblia nos conta que o pobo de Israel pide axuda a Deus, e Deus promete mandarlle un salvador. (Facemos un resume debaixo do apartado que nos fala de “o pobo de Israel suplica a Deus”, e facemos outro resume debaixo do apartado “Deus promete enviar o Mesías”).
- 7.- Facemos o exercicio da ficha páxina 37. (a información témola na páxina 36).
- 8.- Lemos e completamos o que falta no apartado “memoria esperta” na páxina 37. Intentamos que os nenos comprendan que Deus fai unha promesa (enviar ao Salvador). “Salvador” é o que significa a palabra “Mesías” e así é como os cristiáns lle chamamos a Xesús “o Mesías, o Salvador”. Xesús é a promesa de Deus de salvarnos, porque El non quere o noso sufrimento, El só quere que sexamos felices.
- 9.- Facemos a páxina 38 da ficha, e vemos a relación que ten este tema co Nadal. Nadal é cando celebramos o nacemento de “Xesús Noso Salvador”.
- 10.- No caderno escribimos:

O máis importante que aprendín é que:

(escribimos unha frase da páxina 34, outra da 35, outra da 36, outra da 37, e outra da 38 (ten que ter sentido e non vale simplemente copiala).

Tema 7.- Xesús é o Mesías prometido, El realiza a nova Alianza

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 40 o apartado ollos abertos. Imos imaxinar que hai alguén na catequese que non nos coñece. ¿Cómo nos presentaríamos?, ¿Que diríamos?. A catequista vai facer o papel desa persoa que descoñecemos, e mesmo vai facer preguntas como ¿de onde es?, que é o que máis che gusta da natureza?, a que animal lle tes máis medo?, cantos primos tes?, ...
- 4.- Lemos no libro na páxina 41 o apartado mirada penetrante, e completamos os datos que se nos piden. Logo cada un lee a súa presentación. Seguro que hai cousas dos demais que non coñecíamos.
- 5.- Lemos no libro na páxina 42 o apartado oídos atentos. Trátase da presentación que algunhas persoas fan de Xesús. Completamos na ficha os textos que faltan.
- 6.- Facemos na ficha os dous exercicios finais. Os nomes ou títulos que lle dan a Xesús son: Santo, Fillo de Deus, Salvador, Mesías, Señor, Amado, Predilecto (preferido), Fillo de Deus Vivo, profeta, rei,
- 7.- Imos agora ver cómo se presenta Xesús mesmo, pois a algunhas persoas vailles dicir datos importantes da súa vida. Témolos na páxina 43 do libro. Lemos os textos fixándonos a quen lle dá a información, e fixándonos en qué información lle dá. Completamos os textos que faltan, e facemos o exercicio que se nos propón.
- 8.- Copiamos o cadrado que nos fala de quen é Xesús, e intentamos que os nenos o expliquen.
- 9.- Lemos no libro na páxina 43 o apartado memoria esperta, e completamos os dous textos que nos faltan. Preguntamos as tres preguntas da páxina para que os nenos sexan conscientes do que traballamos neste tema (non teñen que dicir as palabras exactas, abonda con que o expliquen ao seu xeito).
- 10.- Lemos no libro a páxina 44. Na ficha faltan 4 textos ¿cales son?. Escribímolos e intentamos entender que se di con esa ou esas palabras que faltan na ficha.
- 11.- No caderno escribimos:

O máis importante que aprendín é que:

(escribimos unha frase da páxina 40, outra da 41, outra da 42, outra da 43, e outra da 44 (ten que ter sentido e non vale simplemente copiala).

Tema 8.- Xesús forma un grupo de discípulos

- 1.- Cubrimos a folia de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 46 o apartado ollos abertos. Imos escribir na ficha o nome de tres persoas famosas que coñecemos, e pomos tamén en que son boas esas persoas.
- 4.- Pomos en común o que cada compañeiro escribiu.
- 5.- Lemos a páxina 47 do libro, e os nenos van explicando o que se nos di na páxina. Facemos o exercicio que se nos propón na páxina 47.
- 6.- Len o apartado oídos atentos da páxina 47 do libro e copiamos os dous cadrados que faltan. Estamos falando dun grupo grande de persoas que quixeron ser amigos de Xesús (coñécense co nome de “os setenta e dous”).
- 7.- Seguimos lendo o apartado de oídos atentos na páxina 48 e completamos os textos que faltan, escribindo todo ou facendo resume. Agora imos ver aos máis achegados a Xesús. Primeiro falamos dos “doce apóstolos”, despois falamos dos tres máis achegados “Pedro, Santiago e Xoán”, e finalmente imos falar de “Pedro” ao que Xesús lle deu máis responsabilidade.
- 8.- Tendo en conta todo o lido no apartado oídos atentos damos resposta ás preguntas que se nos fan no exercicio da páxina 49.
- 9.- Lemos o apartado memoria esperta e completamos os cadrados que faltan. É importante entender o papel que fan os apóstolos-amigos de Xesús.
- 10.- Lemos e completamos a páxina 50.
- 11.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que:
(escribimos unha frase da páxina 46, outra da 47, outra da 48, outra da 49, e outra da 50 (ten que ter sentido e non vale simplemente copiala).

Tema 9.- Xesús vive en íntima relación co Pai.

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 52 o apartado ollos abertos. Imos escribir na ficha o nome de sete persoas que coñecemos ben, e facemos o mesmo no apartado “persoas que so coñecemos de vista” (neste apartado non fai falla escribir o nome, podemos escribir “médico, electricista, o do bar ... trátase de ver que a quen coñecemos só de vista non sempre sabemos o seu nome).
- 4.- Facemos o exercicio que se nos propón no final da páxina 52 da ficha. No apartado de “tipo de relación” pode ser: relación familiar, relación de amizade, relación de veciños, relación de traballo, relación escolar, ...
- 5.- Imos traballar o páxina 53 da ficha. Temos en conta que aínda que a ficha nos fala de “pais” nós imos falar de familia (isto é importante traballalo así sobre todo cando hai nenos que viven a situación de pais separados). Imos ler a páxina 53 contestando ás preguntas que nos veñen ao final e aínda que o texto nos di “pais” podemos substituír por “familia”.
- 6.- Traballamos a páxina 54 das fichas. Imos lendo e completando as frases que nos faltan. Faltan bastantes frases por iso imos ir lendo polo libro e cada vez que nos falte a frase escribímola na ficha para que non nos quede ningunha atrás. É importante ler unha frase do apartado da esquerda e ler a que lle corresponde da dereita.
- 7.- Facemos os dous exercicios que se nos propón, suliñando unha frase da esquerda, e escribindo unha frase das da dereita.
- 8.- Facemos o exercicio da páxina 55. Do que se trata é de repasar as frases da biblia que temos na páxina anterior e que nos falan de como Xesús sentía a Deus coma o seu PAI. Escollen tres desas frases que Xesús di de Deus e escribenas á beira dos debuxos da páxina 55. Poden colorear.
- 9.- Lemos o apartado memoria esperta e suliñamos o mais importante da resposta á pregunta Porqué dicimos que Deus é Pai?. Escribimos un resume da resposta á pregunta Podemos chamar Pai a Deus?, e facemos o mesmo coas outras dúas preguntas suliñando e resumindo.
- 10.- Facemos a páxina 56 da ficha.
- 11.- No caderno escribimos:

O máis importante que aprendín é que:

(escribimos unha frase da páxina 52, outra da 53, outra da 54, outra da 55, e outra da 56 (ten que ter sentido e non vale simplemente copiala).

Tema 10.- Xesús vive e proclama o amor a todos.

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 58 o apartado ollos abertos. Imos escribir en cada cadriño un pequeno resume deses personaxes. Pomos en común o que cada un foi resumindo.
- 4.- Lemos no libro na páxina 59 o apartado mirada penetrante. Temos que completar o que falta nas esixencias de ser irmáns, pero non imos copialas no orden que están no libro, senón que imos escribilas segundo o grado de dificultade que son para nós, de xeito que poñemos primeiro o que a nós máis nos custa niso de ser irmáns (para os nenos que non teñen irmáns poden facelo botándolle imaxinación ou poden substituír irmáns por primos ou amigos). Pomos en común.
- 5.- Miramos polo libro na páxina 59, 60 e 61 o apartado oídos atentos, e imos completando o que falta, copiando ou resumindo. Facemos o exercicio final da páxina 60, e contestamos á pregunta que nos ven na páxina 61.
- 6.- Lemos entre todos as frases de Xesús que temos no apartado oídos atentos, e copiamos no cadro que temos na páxina 61 a frase: “Xesús díxonos: Este é o meu mandamento: que vos amedes uns aos outros como eu vos ameí”.
- 7.- Lemos no libro na páxina 61 o apartado “memoria esperta”. Hai dúas preguntas que na ficha xa temos contestadas, temos que suliñar o máis importante que temos nesas dúas respostas. E temos dúas preguntas sen resposta, temos que contestalas facendo resume.
- 8.- Facemos na ficha o exercicio que se nos propón na páxina 62 do libro.
- 9.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que:
(escribimos unha frase da páxina 58, outra da 59, outra da 60, outra da 61, e outra da 61 (ten que ter sentido e non vale simplemente copiala).

Tema 11.- Xesús libera aos homes do mal.

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 64 o apartado ollos abertos. Imos escribir cousas boas e cousas ruíns do mundo no que vivimos. Pomos en común o que cada un foi escribindo.
- 4.- Continuamos lendo no libro na páxina 64 o apartado ollos abertos, e escribimos na ficha as tres cousas máis importantes que nos gustaría quitar do mundo. Logo pomos en común o que cada un elixiu quitar do mundo para que sexa realmente mellor.
- 5.- Facemos na ficha o exercicio que se nos propón na páxina 65 no apartado mirada penetrante. Temos que colocar as palabras no apartado axeitado.
- 6.- Lemos polo libro o apartado oídos atentos na páxina 66. Completamos na ficha os textos que nos faltan, que nos axudan a descubrir como Xesús loitou contra o mal. Facemos o primeiro exercicio que se nos propón na páxina 67.
- 7.- Lemos o apartado memoria esperta que temos no libro na páxina 67, resumimos na ficha as dúas preguntas que están sen respostar, e suliñamos o máis importante das dúas preguntas que están contestadas.
- 8.- Comprobamos polo libro na páxina 68 os textos que nos faltan na ficha na mesma páxina. Trátase de que os cativos descubran como podemos nós dar unha man na loita contra o mal que hai no mundo. Completan os textos que faltan resumindo coas súas palabras.
- 9.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que eu tamén podo loitar contra o mal::
(escribimos as frases que tivemos que escribir na páxina 68 da ficha).
- 10.- Rematamos lendo a oración que temos no libro na páxina 69.

Tema 12.- Xesús morre por amor aos homes

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 70 o apartado ollos abertos. Imos escribir o que fan as persoas que nos aparecen no apartado manifestacións de amor.
- 4.- Lemos o apartado mirada penetrante na páxina 71 do libro. Completamos na ficha as palabras que faltan nos cadros, e contestamos ás tres preguntas.
- 5.- Lemos no libro o apartado oídos atentos na páxina 71 e completamos na ficha as tres razóns polas que condenaron a Xesús.
- 6.- Na páxina 72 da ficha temos un debuxo do xuízo a Xesús. Facemos un bocadillo en cada un dos personaxes dicindo a razón pola que condenan a Xesús.
Completamos os textos que nos faltan na páxina 72 resumindo ou explicando o que nos queren dicir.
- 7.- Na páxina 73 temos 9 palabras que nos axudan a entender o sentido da morte de Xesús. Suliñan as tres máis importantes. Esas palabras aparecen na páxina 72 e 73, búscanas e rodéanas.
- 8.- Na ficha escriben unha frase que resuma o sentido profundo da morte de Xesús.
- 9.- Lemos o apartado memoria esperta e resumimos no cadrado o que significa a morte de Xesús. Traballamos as preguntas suliñando o máis importante das respostas que xa están escritas, e completamos resumindo as respostas que non están escritas.
- 10.- Lemos na páxina 74 o apartado mans activas e facemos o que se nos propón.
- 11.- Resumimos no caderno o tema. Facémolo escribindo 5 frases nas que falemos da morte de Xesús (poden ver polo libro, pero intentamos que sexan orixinais explicando eles coas súas propias palabras).

Tema 13.- O Pai Deus Resucita a Xesús

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 76 o apartado ollos abertos. Imos rodear con un círculo os tipos de persoas que van triunfar. No final da páxina explicamos porqué triunfarán esas persoas e non as outras.
- 4.- Facemos na ficha na páxina 77 o exercicio do apartado mirada penetrante. E lemos o que cada un pon.
- 5.- Lemos despacio no libro na páxina 77 o apartado oídos atentos. Son os textos que nos falan de Xesús resucitado. Intentamos ver que ten que ver isto co apartado ollos abertos da páxina anterior. Resumimos ou copiamos a frase que nos falta no cadrado da páxina 77 da ficha.
- 6.- Na páxina 78 da ficha contestamos ás preguntas. (as respostas están no texto da páxina anterior).
- 7.- Lemos despaciño a páxina 78 e imos completando os textos que nos faltan. É importante ler e entender os que os textos nos contan da resurrección de Xesús, e como os seus amigos, os apóstolos, non se quedaron calados ante ese acontecemento.
- 8.- Completamos os círculos da páxina 79 da ficha (1 amosa que Deus ama a Xesús e a nós, 2 Deus cumpre a súa promesa de Pai, 3 nós imos resucitar, 4 o mal e a morte son vencidos, e 5 Xesús di de verdade que el é Señor e o Fillo de Deus).
- 9.- Facemos o exercicio que se nos propón no final do apartado oídos atentos na páxina 79.
- 10.- Completamos o que falta na páxina 79 no apartado memoria esperta resumindo o máis importante.
- 11.- Facemos a páxina 80 completando o que falta no primeiro exercicio, e escribindo no orde correcto o que temos no último exercicio.

Tema 14.- Xesús envíanos o Espírito Santo

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 82 o apartado ollos abertos. No caderno escribimos unha historia parecida na que un amigo nos deixa algo de regalo para que nos lembremos del. Lémolas e completamos o cadrado final da páxina 82.
- 4.- Facemos o exercicio do apartado mirada penetrante da páxina 83. Podemos intentar facelo sen mirar polo libro.
- 5.- Lemos na páxina 83 e 84 o apartado oídos atentos que nos fala de o Espírito na vida de Xesús, e completamos os textos que nos faltan. Falamos de como o espírito acompañou a Xesús nos momentos importantes da súa vida.
- 6.- Lemos na páxina 84 o apartado que nos fala de que Xesús promete o seu espírito aos seus amigos os apóstolos. Completamos os textos da dereita que nos fala de cómo o espírito de Xesús lles axuda aos apóstolos.
- 7.- Facemos a páxina 85 da ficha. Suliñando o importante do apartado memoria esperta e resumindo as respostas que nos faltan na ficha.
- 8.- Facemos a páxina 86 lendo, completando e unindo con frechas.

Tema 15.- A Igrexa continúa a obra de Xesús

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 88 o apartado ollos abertos. No caderno damos resposta ás preguntas que se nos propoñen e facemos un final axeitado para esa historia.
- 4.- Lemos e facemos o que se nos propón no apartado mirada penetrante da páxina 89.
- 5.- Traballamos nas páxina 89 e 90 o apartado oídos atentos e completamos os textos que nos faltan. Explicamos o que nos quere dicir o debuxo da páxina 90, e unimos con frechas e contestamos ás preguntas da páxina 91.
- 6.- Repasamos o apartado memoria esperta da páxina 91, completamos os textos que faltan e sulñamos o máis importante de cada unha das respostas.
- 7.- Lemos e imos facendo o que se nos propón na páxina 92 no apartado mans activas.

Tema 16.- A Igrexa é o pobo da Nova Alianza

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 94 o apartado ollos abertos. Na ficha escribimos os números das asociacións no lugar que lle corresponda (ollo que algunha pode porse en varios sitios) (o máis correcto é : educativas 4, 5, 11, 12, 13, benéficas 1, 2,3, 6, 10, 14 profesionais 4, 5, 12 deportivas 8, 9, 15 veciñais 2, 3, 7,).
- 4.- Facemos o exercicio que se propón na páxina 95 marcando cales son as actitudes adecuadas (A) e cales as inadecuadas (I).
- 5.- Completamos os textos que faltan na páxina 96 da ficha.
- 6.- Facemos a frase coas palabras soltas (a frase pode ser : Coa Nova Alianza Cristo comeza unha plena comunión entre Deus e os homes).
- 7.- Mirando polo libro completamos os textos dos dous últimos cadros da páxina 96 da ficha.
- 8.- Mirando polo libro completamos os textos dos dous primeiros cadros da páxina 97 da ficha. Completamos as palabras coas vocais que faltan.
- 9.- Traballamos o apartado memoria esperta completando o que falta (vale facer resume) e suliñando o máis importante das respostas.
- 10.- Facemos a páxina 98 da ficha completando os textos que faltan.
- 11.- No caderno escribimos un resume do tema:
Eu son parte da igrexa e quero ser:
Sincero (copiamos o que temos na páxina 98)
Servicial (copiamos o que temos na páxina 98)
Solidario (copiamos o que temos na páxina 98)

Tema 17.- A Igrexa, Corpo de Cristo

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 100 o apartado ollos abertos. No caderno escribimos a resposta ás dúas preguntas que temos no final da páxina.
- 4.- Traballamos o apartado mirada penetrante que temos na páxina 101. Completamos os textos que faltan. Contestamos ás preguntas que temos no final da páxina.
- 5.- Imos ler un conto e temos que ver que nos aprende, e que ten que ver co que temos traballado ata agora nesta tema.

UNHA PELEXA NO CORPO

Un día a man esquerda díxolle en segredo á man dereita:

- Mira, nós traballando todo o día, mentres o estómago non fai nada.

As pernas escoitaron e dixeron:

- Tés razón, nós tamén estamos cansas camiñando todo o día para comprarlle alimentos a o estómago e el só come sen facer nada por conseguir os alimentos.

A man dereita berrou:

- Fagamos folga, non lle demos xa comida a o estómago. Que se as apañe como queira.

Daquela falou o estómago:

- Amigos, vós estades pensando mal. Os nosos traballos son moi diferentes, pero a verdade é que todos dependemos moitísimo os uns dos outros.

Os brazos berráronlle:

- Cálate. Eses son os argumentos dun vago. Dende agora vas saber o que é bo, non vas comer nada, absolutamente nada.

Os días foron pasando.

- Ai que mal me sinto¡¡, -queixóuselle un brazo a o outro.
- Eu tamén, non sabes o canso que me sinto¡¡.

As pernas queixáronse:

- Nós, apenas nos podemos mover.

E todas as partes do corpo dicían o mesmo. Estaban sen forzas, e daquela falou o estómago:

- Eu tamén me sinto débil. Se me alimentades poderei traballar de novo e eu e vós sentirémonos mellor.

- Bueno, vale a pena intentalo –contestou a man dereita.

E as pernas con moita dificultade levaron o corpo á mesa, as mans colaboraron e achegaron a comida á boca.

A o pouco tempo as mans dixeron:

- Xa nos sentimos mellor.

Todos os membros do corpo dicían o mesmo.

Daquela comprenderon que todos os membros do corpo deben cooperar se queren conservarse con boa saúde. E o estómago comprendeu que el depende do traballo de outros membros e que debe repartir por igual con todos os membros todo o que chegue a el.

6.- Na páxina 102 da ficha completamos os textos que nos faltan lendo todo o apartado oídos atentos. No caderno explicamos o que o debuxo da páxina 102 nos quere ensinar.

7.- Lemos entre todos a páxina 103 e imos contestar ás tres preguntas que temos no final da páxina (podemos suliñar os textos nos que atopamos a resposta a cada una das preguntas).

8.- Facemos na ficha o primeiro exercicio que se nos propón poñendo o nome que corresponde enriba de cada un dos personaxes que nos aparecen no debuxo da páxina 104.

9.- Traballamos o apartado memoria esperta que temos na páxina 104. O que estea sen escribir temos que resumilo, e as respostas que estean escritas temos que suliñar o máis importante.

UNHA PELEXA NO CORPO

Un día a man esquerda díxolle en segredo á man dereita:

- Mira, nós traballando todo o día, mentres o estómago non fai nada.

As pernas escoitaron e dixeron:

- Tés razón, nós tamén estamos cansas camiñando todo o día para comprarlle alimentos a o estómago e el só come sen facer nada por conseguir os alimentos.

A man dereita berrou:

- Fagamos folga, non lle demos xa comida a o estómago. Que se as apañe como queira.

Daquela falou o estómago:

- Amigos, vós estades pensando mal. Os nosos traballos son moi diferentes, pero a verdade é que todos dependemos moitísimo os uns dos outros.

Os brazos berráronlle:

- Cálate. Eses son os argumentos dun vago. Dende agora vas saber o que é bo, non vas comer nada, absolutamente nada.

Os días foron pasando.

- Ai que mal me sinto¡¡, -queixóuselle un brazo a o outro.

- Eu tamén, non sabes o canso que me sinto¡¡.

As pernas queixáronse:

- Nós, apenas nos podemos mover.

E todas as partes do corpo dicían o mesmo. Estaban sen forzas, e daquela falou o estómago:

- Eu tamén me sinto débil. Se me alimentades poderei traballar de novo e eu e vós sentirémonos mellor.

- Bueno, vale a pena intentalo –contestou a man dereita.

E as pernas con moita dificultade levaron o corpo á mesa, as mans colaboraron e achegaron a comida á boca.

A o pouco tempo as mans dixeron:

- Xa nos sentimos mellor.

Todos os membros do corpo dicían o mesmo.

Daquela comprenderon que todos os membros do corpo deben cooperar se queren conservarse con boa saúde. E o estómago comprendeu que el depende do traballo de outros membros e que debe repartir por igual con todos os membros todo o que chegue a el.

Tema 18.- O bautismo fainos membros da Igrexa

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 106 o apartado ollos abertos. Na ficha facemos o exercicio que se nos propón.
- 4.- Traballamos o apartado mirada penetrante que temos na páxina 107 facendo o exercicio que se nos propón.
- 5.- Traballamos o apartado oídos atentos que temos na páxina 107 e 108. Primeiro lemos polo libro todo o apartado e despois completamos na ficha as frases que faltan. Despois facemos os dous exercicios ordenando as palabras para facer unha frase (páxina 108) e completando as frases (páxina 109).
- 6.- Traballamos o apartado memoria esperta. Lemos as preguntas e as respostas, e despois escribimos na ficha o que falta.
- 7.- Traballamos o apartado mans activas que temos na páxina 110. Lemos todo o apartado explicando cada cousa e logo na ficha imos completando os textos que nos faltan (non fai falla escribilo todo). E facemos o exercicio de por os números.

Tema 19.- A Eucaristía, sacramento da nova alianza

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Traballamos o apartado ollos abertos que temos no libro na páxina 112 facendo o exercicio que se nos propón.
- 4.- Lemos e facemos o que se nos propón no apartado mirada penetrante da páxina 113.
- 5.- Lemos polo libro nas páxinas 113 e 114 o apartado oídos atentos. Despois na ficha completamos os textos que nos faltan. Na ficha na páxina 115 completamos as palabras que faltan no crucigrama. Explicamos o que esas palabras nos queren ensinar sobre a misa ou eucaristía.
- 6.- Repasamos o apartado memoria esperta da páxina 115, completamos os textos que faltan e suliñamos o máis importante de cada unha das respostas.
- 7.- Lemos, explicamos e imos completando os textos que faltan no apartado mans activas da páxina 116 da ficha.

Tema 20.- A plenitude da Alianza

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro na páxina 118 o apartado ollos abertos, e facemos un pequeno diálogo sobre o que significa ser boas persoas.
- 4.- Lemos, dialogamos e facemos o que se nos propón no apartado mirada penetrante da páxina 118.
- 5.- Traballamos nas páxina 119 e 120 o apartado oídos atentos completando os textos que nos faltan e facendo os exercicios que se nos propoñen. da páxina 90, e unimos con frechas e contestamos ás preguntas da páxina 91.
- 6.- Repasamos o apartado memoria esperta da páxina 121, completamos os textos que faltan e sulinamos o máis importante de cada unha das respostas.
- 7.- Facemos o exercicio que se nos propón no apartado mans activas que temos na páxina 122.

CATEQUESE DE REPASO AO TRABALLADO NO CURSO

Para esta catequese final imos repasar todo o que estivemos traballando.

- 0.- Cubrimos a ficha de asistencia.
- 1.- Miramos no libro ou nas fichas os temas que demos traballado, copiamos os títulos dos temas nunha folla en branco do caderno.
- 2.- Miramos no caderno e nas fichas se traballamos eses temas, pois é posible que algúns non viñéramos. Imos anotando na mesma páxina do caderno os títulos dos temas que non fixemos.
- 3.- Na ficha de asistencia contamos cantas veces viñemos á catequese e pomos o dato no caderno. Pomos tamén o número de veces que faltamos á catequese.
- 4.- Tomamos algo xuntos e despedimos catequese ata o vindeiro curso.